

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2012.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. José Manuel López Hermida

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Ausente:

D. Alberto Santos Vázquez

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezasete de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1ª) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DE DATA 8 DE OCTUBRO DE 2012.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias de data 8 de outubro de 2012.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 8 de outubro de 2012.

2ª) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE CONTROL DO EXCESO DAS FACTURAS ELÉCTRICAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALIZA A QUE LEVE A CABO MEDIDAS QUE CONTROLÉN O EXCESO DAS FACTURAS ELÉCTRICAS E COMPENSEN O SOBRECUSTO APLICADO A ALGÚNS FOGARES DO CONCELLO DE XOVE POLO FALLO DO SISTEMA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: O Estado español está inmerso en pleno proceso de liberalización do mercado eléctrico para millóns de fogares logo de que o Goberno central referendase esta medida imposta por Europa co fin de diminuír o custo da tarifa de último recurso (TUR) para as arcas públicas. A TUR foi creada en 2009 a modo de refuxio para unha potencia instalada inferior ós 10 quilovatios, unha categoría na que se inclúen practicamente todos os fogares do estado. Concretamente, o 76% de clientes de electricidade estatais teñen unha tarifa regulada deste tipo.

A liberalización do sector está a provocar numerosas violacións da normativa por parte das compañías comercializadoras e distribuidoras. Tal é así, que diversas plataformas de usuarios xa amosaron o seu rexeitamento a estas medidas e denunciaron a situación, no caso da Mariña a

Plataforma de Afectad@s Polos Abusos do Mercado Eléctrico (AFAMELEC) que xa ven desenvolvendo labores de asesoramento coas persoas e empresas afectadas. Segundo datos da OCU (Organización de Consumidores e Usuarios) o endurecemento das condicións de acceso a preto de 5 millóns de fogares leva consigo unha suba da luz do 20%, xa que serían expulsados ó libre mercado. Unha estimación fixada pola mesma organización conclúe que un fogar acollido actualmente á TUR e que tivera contratado un consumo de 5,75 quilovatios de potencia e un consumo anual de 6.500 por hora, pagaría unha factura anual en electricidade de 1.405 euros. Ao restrinxirse as condicións e ser expulsado ao mercado libre este mesmo consumidor deberá de buscar unha oferta, e se se aplican as tarifas de Iberdrola ou Endesa ese fogar vería como a súa factura eléctrica aumentaría notablemente.

Esta situación agravarase aínda máis coa substitución dos equipos de medida polos novos equipos dixitais adaptados para telexestión. Coa súa instalación detéctase un incremento na medida de consumo dos fogares próximo ao 10%, o que suporá que estes 6.500 quilovatios de consumo anual pasen a ser 7.150 realizando a mesma actividade que o ano anterior, pero cun custe maior.

Neste marco actual, o consumidor final atópase nunha situación de desamparo debido á falta de apoio por parte da Consellería de Industria ou Consumo, que non están a facer nada para evitar estes sobrecustos. As infraccións que se están a cometer son moi numerosas. Estanse instalando por parte dalgunhas compañías equipos de medida sen ningún control metrolóxico incumprindo a normativa que rixe este proceso. Así mesmo, detectáronse casos nos que non existe ningún tipo de comunicación ao titular do punto do subministro violando claramente os seus dereitos como consumidor. Co novo sistema tampouco se pode nin recoller a medida do equipo anterior nin verificar a do actual para determinar o custe real da factura.

Por outra banda, rexistráronse graves retrasos nos prazos establecidos pola lei para efectuar modificacións nas condicións técnicas do punto do subministro a petición do usuario. Por exemplo, para realizar unha alta nova o normal son 5 días, mentres que agora este proceso pode durar ata varios meses. No caso do cambio da tarifa o tempo establecido son dúas semanas, en moitas ocasións tardan case un ano.

A situación agrávase aínda máis coas lecturas estimadas do consumo, xa que en moitos casos estas son notablemente esaxeradas, obrigando ao usuario a facer fronte a facturas desorbitadas se non quere que lle corten o subministro. Diante desta situación na que o gran prexudicado é o usuario, a administración que debe velar pola eficacia do proceso, a Consellería de Industria, non está a facer nada por evitalo. A resposta que se lle dá ó consumidor é clara: “primeiro pague e logo reclame”.

Esta forma de entender a normativa por parte do Executivo galego crea unha situación de total indefensión dos consumidores fronte ás compañías comercializadoras e distribuidoras. Este enfoque supón un “cheque en branco” para estas empresas, xa que se lle cobra de máis aos clientes por un servizo que non utilizaron. A solución, nestes casos, para reclamar os seus cartos é recorrer á vía legal, co conseguinte gasto que se ocasiona para os demandantes, derivado do servizo prestado por avogados, procuradores e pago de taxas.

A interrupción de subministro non cumpre a normativa vixente. O Real Decreto 1955/2000 establece o procedemento a seguir para efectuar os cortes por impago, sendo obrigatoria a notificación do mesmo. En moitos casos estase executando sen que sexa advertido o usuario e noutros faise de forma inxustificada. Cando existe unha reclamación en Consumo por parte dalgún particular a lei que os ampara indica que non se lles pode cortar o subministro ata que non se resolva. Aínda así, os cortes prodúcense igual. Noutros casos, tendo presentada e rexistrada a reclamación en Industria, a interrupción tamén se realiza sen que este Departamento resolva e, por tanto, sen a autorización pertinente.

Ademais, dáse a particularidade de que cando se lle corta o subministro a un particular por falta de pago, resúltalle máis sinxelo obter a reposición do devandito subministro que a un abonado ao

que a interrupción se fixo de forma irregular. O corte por falta de pago subsánase en 24 horas unha vez realizado o pago pendente pero, se o corte é irregular ou inxustificad, o titular ten que presentar reclamación en Industria, agardar a que este Departamento conteste e a que se resolva todo o procedemento administrativo.

Diante a gravidade da situación e a nula resposta da Consellería de Industria, pídesse ó Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

A Corporación municipal de Xove insta a Consellería de Industria a sanear esta situación e a que desenvolva diversas medidas compensatorias para todas aquelas familias que se viron afectadas inxustificadamente pola estimación esaxerada das facturas eléctricas.

A Corporación municipal de Xove esíxelle á Xunta de Galicia a que leve a cabo as xestións oportunas para que as empresas comercializadoras non efectúen os cortes do subministro ata que se resolva o procedemento, obrigándoas á verificación dos requisitos obrigatorios antes de ordenar a interrupción eléctrica.

A Corporación Municipal de Xove apoia a Plataforma de Afectad@s Polos Abusos do Mercado Eléctrico(AFAMELEC) e insta o goberno municipal a facilitar, no caso de que así se solicite, o uso de locais públicos para actos informativos desta entidade social.”

Aberto o debate, polo Sr. López López explícanse os aspectos máis salientables da moción transcrita:

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo está de acordo co contido da moción transcrita, e non ten inconveniente en votar favorablemente á súa aprobación.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

3º) APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2013 QUE INCLÚE:

- **APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO PARA O EXERCICIO DE 2013 DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO ART. 30 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 27 DE ABRIL.**
- **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO DE 2013 POR UN IMPORTE NIVELADO DE GASTOS E INGRESOS DE 6.003.695,00 €**
- **APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE XOVE.**
- **APROBACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.**
- **DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2013 E DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do acordo adoptado pola Comisión Informativa Especial de Contas na súa sesión de data 13 de decembro de 2012, informando favorablemente o expediente elaborado para a aprobación do orzamento municipal para o exercicio de 2013, ó que se acompaña a documentación referenciada no epígrafe.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reitéranse os argumentos expostos no debate dos orzamentos que tivo lugar na sesión da comisión informativa citada polo Secretario Municipal, resumindo a súa intervención ó sinalar que nestes orzamentos, cunha política de recorte de gastos, unida ós ingresos derivados da aplicación da normativa legal, téñese conseguido unha inversión real, perfectamente detallada no anexo correspondente, que supera case nun 200% a do exercicio anterior ata acadar máis de 700.000 €; e simultaneamente manter unha política de servizos sociais que segue a ser un referente para toda Galicia, xa que se manteñen as subvencións as entidades e asociacións do Concello, as Becas e Axudas ó Estudio, o Plan de Emprego, as Axudas a Gandeira, e os impostos,

prezos públicos e taxas que abonan os veciños de Xove seguen a ser con moita diferenza ós máis baixos da nosa comunidade autónoma.

Polo Sr. López López manifestase que o Grupo Municipal do Partido Popular coa súa política de seguidismo das decisións do partido a nivel estatal e autonómico, presenta para o ano 2013 uns orzamentos que supoñen unha inxustificada suba de impostos e un brutal recorte dos servizos sociais, precisamente nuns momentos de crise nos que a política orzamentaria dun concello coa capacidade económica de Xove, tería que ser totalmente oposta.

Sinala o Sr. López López que o recorte de gastos debería terse efectuado doutro xeito; poñendo como exemplo a falla de xestión que reflicte o feito de que o Concello de Xove teña que seguir abonando os máis de 30.000€ que supón o mantementodo Centro de Saúde a pesar de que o Pleno Corporativo xa adoptou fai anos o acordo esixido pola Xunta de Galicia para facerse cargo deses gastos xerados por un servizo da súa exclusiva competencia.

Sinala o Sr. López López que o brutal recorte no Servizo de Axuda no Fogar non é consecuencia da aplicación de ningunha normativa, como mantén o Sr. Alcalde, senón que obedece ó feito de que un servizo que foi creado no seu día polo Partido Popular como unha axencia electoral nestes tempos de crise xa é imposible mantelo desde un punto de vista económico polo cal o actual grupo de goberno está a optar pola alternativa de suprimilo.

Remata a súa intervención o Sr. López López sinalando que todo o orzamento presentado polo grupo de goberno basease nos sacrificios que se impoñen ós veciños e veciñas de Xove, ben sexa subindo os tributos ou recortando os servizos, sen que por exemplo, ditos sacrificios sexan aplicados ás retribucións que perciben os membros do grupo de goberno por soldos e dietas.

Polas razóns expostas o Sr. López López manifesta que, obviamente o Grupo Municipal do BNG vai votar en contra deste orzamento.

Polo Sr. Alcalde manifestase que, con independencia do feito de que as recentes eleccións autonómicas reflectiron con toda claridade a opinión dos veciños/as de Xove respecto das políticas a seguir para saír da crise, a intervención do Sr. López López obrigalle a facer as precisións seguintes:

- Nos 4 anos de goberno do PSOE e BNG a Xunta de Galicia non asumiu o mantemento de un só centro de saúde, sen embargo o actual goberno autonómico cumprindo o convenio formalizado no seu día coa FEGAMP comezou a asumir ano a ano os gastos de mantemento dos centros de saúde; concretamente no presente ano 2012 asumiu os gastos de mantemento de 25 centros de saúde e consonte ós criterios de lista empregados (antigüedad na presentación completa da documentación esixida) e previsible que os gastos de mantemento do Centro de Saúde de Xove, sexan asumidos no ano 2013. Non obstante, por aplicación da normativa orzamentaria, é necesario que nos orzamentos municipais se manteña a previsión de gasto correspondente.
- Respecto do S.A.F (Servizo de Axuda no Fogar) compre sinalar que con independencia do feito de que o déficit do Servizo levaba unha progresión insostible, incluso para un concello como Xove, non é menos certo de que o Concello de Xove tiña a obriga legal de adapta-lo regulamento do S.A.F. á normativa autonómica en vigor, normativa que é necesario lembrar foi aprobada polo goberno bipartito PSOE-BNG. Unha vez efectuada dita adaptación é certo que o concello de Xove ten aforrado uns gastos considerables que permiten acometer unha serie de inversións absolutamente necesarias, pero tamén é certo que o Concello de Xove, segue a ser en toda Galicia un referente na prestación do SAF, xa que conta con 88 beneficiarios en réxime de libre concorrència e 30 en réxime de dependencia, o que supón unha aportación de fondos propios de case 500.000€ sen contar coa adscrición ó servizo de dúas auxiliares de clínica que tamén se financian con cargo a fondos propios municipais.

Á vista destes datos, que reflicten que o compromiso do Concello de Xove co S.A.F. é incomparablemente superior ó de outros concellos con moitos máis habitantes e recursos, non parecen moi xustificadas ás críticas vertidas polo portavoz do BNG.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde manifestando que aínda está a esperar do grupo municipal do BNG unha alternativa ás propostas do Grupo de Goberno, e que abandone a crítica pura e dura sen aportar solución ningunha.

Polo Sr. López Hermida manifestase que a misión dun grupo de oposición minoritario como é o BNG non é a de presentar orzamentos alternativos ou enmendas á totalidade, pero sí por de manifesto que nuns tempos de fonda crise, non ten xustificación ningunha subir a presión fiscal e recorta-los servizos, afectando dun xeito brutal á maioría das familias de Xove que abondo están a padecer á actual crise, para seguir ademais cunha política errática de inversións que na maioría dos casos e agás contadas excepcións (como poden selas inversións en aforro enerxético) non obedecen a outro criterio que o puro rédito electoral.

Polo Sr. Alcalde contestase que ninguén esta pedindo ó Grupo Municipal do BNG que presente orzamentos alternativos; ó único que se lle pide e que presente algún tipo de iniciativa ou suxerencia.

Rematado o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco e co voto en contra dos Sres. López López e López Hermida, acorda aproba-lo dictame informado favorablemente pola Comisión Especial de Contas na súa sesión de data 13 de decembro de 2012 e na súa consecuencia:

- **PRIMEIRO.-** Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio de 2013 de acordo co establecido no artigo 30 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tal e como se reflicte no Informe de Estabilidade e Cumprimento da Regra de Gasto de data 11 de decembro de 2012 e que ascende a 6.132.413,31 euros.
- **SEGUNDO.-** Aprobar Inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio de 2013 que ascende, nivelado en gastos e ingresos á contía de 6.003.695,00 euros e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Xove, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.
- **TERCEIRO.-** Aprobar Inicialmente o Cadro de Persoal do Concello de Xove, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.
- **CUARTO.-** Aprobar Inicialmente as Bases de Execución do Orzamento.
- **QUINTO.-** Dar conta do Informe de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2013 e do cumprimento da regra de gasto.
- **SEXTO.-** Dispor a tramitación procedente do expediente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P. de Lugo, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.
- **SÉTIMO.-** Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia unha vez aprobado definitivamente e proceder a súa publicación resumido por capítulos no B.O.P. de Lugo

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. López López preguntase ó Sr. Alcalde cal é o motivo de que nos últimos meses os vixiantes municipais estén a cambia-la súa equipación e se eses feitos obedecen a algunha irregularidade.

Coa autorización do Sr. Alcalde, polo Secretario Municipal manifestase que a partir da entrada en vigor da orde do 22 de xullo de 2010, os vixiantes municipais están renovando o seu equipamento de acordo coa normativa de uniformidade e imaxe corporativa regulada en dita orde, engadindo que coa aplicación da normativa actual contida na Lei de Coordinación de policía locais, non sería posible a creación da plantilla de vixiantes municipais existente nin polo número nin pola clasificación dos seus membros.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

